

para unha Galiza forte en Madrid,
ti, en quen pensas ?

eleccións xera



Quiénes somos
Tarifas
Suscripción
Contacto

[Viajar con Spanair](#)
Vuelos Todos los Destinos
Hotel a Precio Excepcional
VV

Opinión Galicia España Mundo Economía Sociedad Deportes Comunicación En clave M

Buscar en Google en xornal.com

Te interesa

Hipotecaplus Solicítela online

Irisarri aposta por potenciar o turismo náutico en Ferrol

- ***O alcalde presidiu a sesión inaugural da II Xornada Técnica: Turismo Náutico e Desenvolvemento Sostible.***

- ***Ponentes nacionais e internacionais debaten durante todo o día en FIMO sobre as potencialidades deste sector.***

Martes, 18 de diciembre de 2007

Imprimir Enviar

XORNAL | Ferrol .- O alcalde de Ferrol, Vicente Irisarri Castro, presidiu esta mañá a inauguración da II Xornada Técnica: Turismo Náutico e Desenvolvemento Sostible. Xornada que, organizada pola Asociación Galega de Actividades Náuticas (Agan), durante todo o día se celebra no recinto feiral de Punta Arnela e na que participarán destacados expertos nacionais e internacionais.

No seu discurso, o primeiro edil expresou a aposta decidida do Concello pola diversificación económica. E, ao respecto, subliñou que cando fala de diversificar non está referíndose en exclusiva ao sector industrial, senón que, sobre todo e sen esquecerse do sector primario, está pensando no sector terciario. “É este o gran desafío para a próxima década”, subliñou. E, neste senso, unha vía para acadalo pasa por potenciar o turismo de calidade, vinculado á práctica dos deportes náuticos.

Irisarri asegurou que “Ferrol debe conquistar a cuota que merece no mercado do sector turístico”. E ten, para iso, “sobrados elementos: a súa riqueza patrimonial e histórica e o seu patrimonio natural, que pode ofrecer elementos singulares ao turismo de natureza, deportivo e de aventura, modalidades hoxe en continuo crecemento”.

Nesa liña, destacou o esforzo da Xunta, a través da Consellería de Política Territorial, na elaboración do Plan Director de Portos Deportivos que, mellorando as infraestructuras e incrementando os puntos de amarre, propiciará un crecemento sostible e razoable. Así, augurou ao seu amparo un desenvolvemento extraordinario das infraestructuras náuticas e un papel destacado da ría de Ferrol. A única, apostillou, na que se pode navegar durante todo o ano grazas ao seu singular canal de entrada. Nese contexto estará sempre o Concello de Ferrol, indicou.

Como estivo na promoción das xornadas organizadas por Agan co patrocinio da Cámara de Comercio, da Xunta e da propia Administración Local. Vicente Irisarri lembrou que na primeira edición participara como ponente e que realizara as xestións oportunas coa entidade para conseguir traer a xornada á cidade naval. Unha cita que o alcalde considera necesario facer fixa no calendario, xa que profundiza nun turismo de calidade que supón uns ingresos por persoa cinco veces máis altos que o turismo de sol e praia.

 Imprimir  Enviar

COMENTARIOS

Nombre:

E-Mail:

Título:

Comentario:


Enviar

Términos de uso

Esta página publica todo tipo de opiniones, réplicas y sugerencias de interés general, siempre que sean respetuosas hacia las personas e instituciones.

Se aconseja un máximo de 15 líneas, que podrán ser extractadas por nuestra Redacción.

Los autores deben hacer constar: nombre y apellidos, y e-mail. Aquellos textos que no se ajusten a estos criterios podrán ser retirados de la web.



[Opinión](#) [Galicia](#) [España](#) [Mundo](#) [Economía](#) [Sociedad](#) [Deportes](#) [Comunicación](#) [En clave](#) [M](#)

Buscar

en en

